

MANIFESTO FOLGA XERAL FEMINISTA 8M

XUNTAS SOMOS MÁIS. Cada 8 de marzo celebramos a alianza entre mulleres para defender os nosos dereitos conquistados. Foi a unión de moitas mulleres no mundo a que conseguiu grandes vitorias para todas nós e tróuxonos dereitos que posuímos hoxe. Precédenos unha **longa xenealoxía de mulleres** activistas, sufraxistas e sindicalistas. As que trouxeron a República, as que loitaron na Guerra Civil, as que combateron o colonialismo e as que foron parte as loitas anti-imperialistas. Con todo, sabemos que aínda non é suficiente: **queda moito por facer e nós seguimos loitando.**

A sororidade é a nosa arma; é a acción multitudinaria a que nos permite seguir avanzando. A data do 8 de marzo **é nosa, internacional e reivindicativa.**

Hoxe, 8 de marzo, as mulleres de todo o mundo estamos convocadas á **FOLGA FEMINISTA.**

A nosa identidade é múltiple, **somos diversas.** Vivimos na contorna rural e na contorna urbana, traballamos no ámbito laboral e na dos coidados. Somos paias, xitanas, migradas e estamos racializadas. As nosas idades son todas e sabémonoslésbicas, trans, bisexuais, inter, queer, hetero... Somos as que non están: somos as asasinadas, somos as presas. **Somos TODAS.** Xuntas hoxe paramos o mundo e berramos: ABONDA! Ante todas as violencias que nos atravesan.

ABONDA! De agresións, humillacións, marxinacións ou exclusións. Esiximos que o Pacto de Estado contra as violencias machistas -polo demais insuficiente- se dote de recursos e medios para o desenvolvemento de políticas reais e efectivas que axuden a conseguir unha sociedade libre de violencias contra as mulleres e nenas. Denunciamos a represión a quen encabezan a loita polos dereitos sociais e reprodutivos.

ABONDA! De violencias machistas, cotiás e invisibilizadas, que vivimos as mulleres sexa cal for a nosa idade e condición. QUEREMOS poder movernos en liberdade por todos os espazos e a todas as horas. Sinalamos e denunciemos a violencia sexual como expresión paradigmática da apropiación patriarcal do noso corpo, que afecta de modo aínda máis marcado a mulleres en situación de vulnerabilidade como mulleres migradas e traballadoras domésticas. É urxente que a nosa reivindicación Nin unha menos sexa unha realidade.

ABONDA! De opresión polas nosas orientacións e identidades sexuais!

Denunciamos a LGTBIfobia social, institucional e laboral que sufrimos moitas de nós, como outra forma de violencia machista. Somos mulleres e somos diversas.

MULLERES LIBRES, EN POBOS LIBRES!

Somos as que reproducen a vida. O traballo doméstico e de coidados que facemos as mulleres é imprescindible para soste a vida. Que maioritariamente sexa de balde ou estea desvalorizado é unha trampa no desenvolvemento do capitalismo. Hoxe, coa **folga de coidados** na familia e a sociedade, damos visibilidade a un traballo que ninguén quere recoñecer, xa sexa na casa, mal pago ou como economía somerxida. Reivindicamos que o traballo de coidados sexa recoñecido como un ben social de primeira orde, e esiximos a redistribución deste tipo de tarefas.

Hoxe reivindicamos unha sociedade libre de opresións, de explotación e violencias machistas. Chamamos á rebeldía e á loita ante a alianza entre o patriarcado e o capitalismo que nos quere dóciles, sumisas e caladas.

Non aceptamos estar sometidas a peores condicións laborais, nin cobrar menos que os homes polo mesmo traballo. Por iso, hoxe tamén facemos **folga laboral.**

Folga contra os teitos de cristal e a precariedade laboral, porque os traballos aos que logramos

MANIFESTO FOLGA XERAL FEMINISTA 8M

acceder están marcados pola temporalidade, a incerteza, os baixos salarios e as xornadas parciais non desexadas. Nós engrosamos as listas do paro. Moitos dos traballos que realizamos non posúen garantías ou non están regulados. E cando algunhas de nós temos mellores traballos, atopámonos con que os postos de maior salario e responsabilidade están copados por homes. A empresa privada, a pública, as institucións e a política son reprodutoras da fenda de xénero.

ABONDA! De discriminación salarial polo feito de sermos mulleres, de menosprezo e de acoso sexual no ámbito laboral.

Denunciamos que **ser muller sexa a principal causa de pobreza** e que se nos castigue pola nosa diversidade. A precariedade agrávase para moitas de nós por ter maior idade, ser migradas, racializadas, por ter diversidade funcional ou unha imaxe afastada da normatividade. Reivindicamos que a nosa situación laboral nos permita desenvolver un proxecto vital con dignidade e autonomía; e que o emprego se adapte ás necesidades da vida: o embarazo ou os coidados non poden ser obxecto de despedimento nin de marxinación laboral, nin deben menoscabar as nosas expectativas persoais nin profesionais.

Esiximos tamén as **pensións que temos gañado**. Non máis pensións de miseria, que nos obrigan a sufrir pobreza na vellez. Pedimos a cotitularidade das pensións e que o tempo dedicado a tarefas de coidado, ou que desenvolvemos no campo, sexa recoñecido no cálculo das pensións do mesmo xeito que o traballo laboral e loitamos pola ratificación do convenio 189 da OIT que regula o traballo doméstico.

Berramos ben forte contra o neoliberalismo salvaxe que se impón como pensamento único a nivel mundial e que esnaquiza o noso planeta e as nosas vidas. As mulleres temos un papel primordial na loita contra do cambio climático e na preservación da biodiversidade. Por iso, apostamos decididamente pola soberanía alimentaria dos pobos. Apoiamos o traballo de moitas compañeiras que poñen en risco a súa vida por defender o territorio e os seus cultivos. Esiximos que **a defensa da vida se sitúe no centro da economía e da política**.

Esiximos ser protagonistas das nosas vidas, da nosa saúde e dos nosos corpos, sen ningún tipo de presión estética. Os nosos corpos non son mercadoría nin obxecto, e por iso, tamén facemos **folga de consumo**. Xa abonda de ser utilizadas como reclamo!

Esiximos tamén a **despatoloxización** das nosas vidas, das nosas emocións, das nosas circunstancias: a medicalización responde a intereses de grandes empresas, non aos da nosa saúde. Abonda de considerar os nosos procesos de vida como enfermidades!

A educación é a etapa principal na que construímos as nosas identidades sexuais e de xénero e por iso as estudantes, as mestras, a comunidade educativa e todo o movemento feminista esiximos o noso dereito a unha **educación pública, laica e feminista**. Libre de valores heteropatriarcais desde os primeiros treitos educativos, nos que as profesoras somos maioría, até a universidade. Reivindicamos tamén o noso dereito a unha formación afectivo-sexual que nos ensine na diversidade, sen medos, sen complexos, sen reducirnos a simples obxectos e que non permita unha soa agresión machista nin LGTBIfóbica nas aulas.

Esiximos un avance na coeducación en todos os ámbitos e espazos de formación e unha educación que non relegue a nosa historia ás marxes dos libros de texto; e na que a perspectiva de xénero sexa transversal a todas as disciplinas. Non somos unha excepción, somos unha constante que foi calada!

**VIVAN A FOLGA DE COIDADOS, DE CONSUMO, LABORAL E EDUCATIVA!
VIVA A FOLGA FEMINISTA!**

Ningunha muller é ilegal. Dicimos ABONDA! Ao racismo e a exclusión. Berramos ben alto: non

MANIFESTO FOLGA XERAL FEMINISTA 8M

ás guerras e á fabricación de material bélico! As guerras son produto e extensión do patriarcado e do capitalismo para o control dos territorios e das persoas. A consecuencia directa das guerras son milleiros de mulleres refuxiadas por todo o mundo, mulleres que estamos a ser vitimizadas, esquecidas e violentadas. Esiximos a acollida de todas as persoas migradas, sexa polo motivo que for. **Somos mulleres libres en territorios libres!**

Denunciamos os recortes orzamentarios nos sectores que máis afectan as mulleres: o sistema de saúde, os servizos sociais e a educación.

Denunciamos a corrupción como un factor agravante da crise.

Denunciamos a xustiza patriarcal que non nos considera suxeitas de pleno dereito.

Denunciamos a grave represión e recortes de dereitos que estamos a sufrir.

Esiximos plena igualdade de dereitos e condicións de vida, e a total aceptación da nosa diversidade.

QUERÉMONOS LIBRES, QUERÉMONOS VIVAS, FEMINISTAS, COMBATIVAS E REBELDES!

**Hoxe, a folga feminista non remata:
SEGUIREMOS ATÉ CONSEGUIR O MUNDO QUE QUEREMOS!**